

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN
PROCEDEMENTO ABERTO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA

DENOMINACIÓN DO EXPEDIENTE:

Servizo: Seguro de responsabilidade civil de SPI Galicia SA

CLAVE: SERC260101

ANTECEDENTES:

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. instruíu e examinou o expediente para a contratación do servizo de referencia.

No expediente constan os documentos esixidos no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP).

O expediente tramítase por procedemento aberto.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 318 da LCSP regula a adxudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada polos poderese adxudicadores que non teñan a condición de Administracións Públicas .
2. O artigo 116 da LCSP regula o contido que debe ter o expediente de contratación.
3. O artigo 122 e 124 da LCSP recolle a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e dos pregos de prescricións técnicas.
4. Segundo o artigo 117 da LCSP, completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.
5. O Consello de Administración da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA ten a competencia para aprobar os pregos e o expediente de contratación de acordo co artigo 11 dos seus Estatutos.

De acordo con todo o indicado o Consello de Administración na súa reunión do luns 29 de xuño de 2026, **resolveu** aprobar o prego, o expediente de contratación e o inicio da licitación do servizo por procedemento aberto.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

María Deza Martínez
Presidenta de SPI-Galicia

